

A Baixa Limia-Serrá do Xurés convértese no primeiro Parque Natural galego co título 'Q' de excelencia turística. O distintivo estenderase ós demais complexos

## NATUREZA DE CALIDADE

OS ECOLOXISTAS PIDEN QUE SE IDENTIFIQUE QUE ACTIVIDADES SON SOSTIBLES PARA PRESERVAR O MEDIO


E.P. - Santiago

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, situado ó suroeste da provincia de Ourense, converteuse no primeiro parque protexido de Galicia en ostentar o título Q de calidade, que xestiona o Instituto de Calidade Turística Española (ICTE), e que garante unha oferta turística óptima. Así, Galicia súmase ás sete comunidades que contan con esta insignia -Asturias, Navarra, Aragón, Castela e León, Cataluña, Comunidade Valenciana, e Andalucía- e pasa a converterse nun dos 16 espazos protexidos certificados coa Q de calidade turística que hai en toda España. Con todo, esta iniciativa non será un feito puntual senón que a Xunta estuda estender a denominación ó total dos Parques Naturais da Comunidade, segundo explicou a técnica de calidade ambiental do Xurés Nuria Veloso.

Desde un punto de vista ecolóxico, o técnico ambiental da asociación. Amigos da Terra Ánxel Dorrío admitiu que "se trata dunha iniciativa positiva", pero advertiu da necesidade de que se cumpran as medidas e "se preserve realmente o medio". Pola súa banda, o secretario da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega), Fins Eirexas, aclarou que, aínda que "a idea é boa", "non contribúe á conservación da zona, senón que ten unha clara orientación económica". Esta organización recordou a obriga de "realizar un Plan de Ordenamento dos Recursos Naturais, que identifique cales son as actividades sostibles, e un Plan de Uso e Xestión de actividades compatibles, antes de aplicar o selo".

Con todo, a técnica mediamienta de parque do Xurés, Nuria Veloso, asegurou que, non só se realizaron estes estudos, "senón que se trata dun requisito indispensable para a aplicación da Q, así como o son un Plan de Educación Ambiental e interpretación do Patrimonio e un Programa de información.

A marca Q de calidade establece unhas normas que foron creadas por entidades empresariais, institucións e diversas asociacións a partir de diagnósticos de oferta e demanda, en base ós que se estableceron



A localidade de Salgueiros, integrada no parque natural do Xurés, será rehabilitada para conformar a primeira aldea ambiental de Galicia

### O PROXECTO

## As dúas primeiras aldeas ambientais estarán no 2008

O parque natura Baixa Limia-Serra do Xurés terá no 2008 as dúas primeiras "aldeas de natureza" de Galicia, unha vez concluída a transformación dunha ducia de pallozas de Entrimo, usadas como cortes ata hai 15 anos, e a rehabilitación dun lugar abandonado hai 50 anos en Lobios.

As pallozas foron construídas na Serra de Qusguas polos veciños da vila con pedras recollidas no monte como cortes para os baños de cabras e ovellas durante os meses de verán. Agora, as 36

pallozas están a ser rehabilitadas polo concello para que, posteriormente, a Xunta poida equipalas como albergue xuvenil, ademais dunha aula de natureza destinada a programas de educación ambiental.

A segunda "aldea da natureza" situarase en Salgueiros (Muíños), unha aldea abandonada hai 50 anos polos seus habitantes e adquirida pola Xunta para destinala a un proxecto algo máis ambicioso, xa que se abastecerá a partir de enerxía fotovoltaica de bioma-

sa e necesitará infraestruturas de acceso e abastecemento de auga. Salgueiros quedou deshabitada nos anos 60 e foi adquirido por unha sociedade que llo vendeu a Xunta no 1976. A rehabilitación destas vivendas respectará a súa estrutura, adaptando doce para albergue xuvenil, aula de natureza, aula demostrativa de enerxías alternativas e outra na que os escolares poderán acceder ós contornos enerxéticos, segundo explicou o director xeral de Conservación da Natureza, José Benito Reza.

uns estándares necesarios para a obtención do cuño, segundo destacou o ICTE. Este sistema de excelencia turística suporá unha mellora continua da calidade dos servizos de uso público, na implantación dun sistema de avaliación constante da xestión e no compromiso coa contorna, segundo asegurou a Consellería de Medio Ambiente. Por iso a Xunta programa que este sexa o primeiro paso antes da extensión do selo a todos os parques protexidos de Galicia de modo que se garantan uns servizos óptimos.

### As Fragas do Eume, posiblemente o seguinte

Así, segundo adelantou a Consellería de Medio Ambiente, en "datas próximas" o sistema de xestión da marca Q de calidade se aplicará a outros Parques Naturais ata abarcar o conxunto de espazos galegos. De feito, aínda que se descoñece cal podería converterse no próximo espazo que reciba o selo de calidade, "parece que podería tratarse de Parque Natural das Fragas do Eume", apuntou a técnica ambiental. "Pero aínda non hai nada confirmado nin se coñecen as datas", matizou. ●

### O DATO

## Unha zona que converxe coa área lusa Peneda-Geres

Baixa Limia-Serra do Xurés, situada ó suroeste da provincia de Ourense, limita con Portugal e co seu Parque Nacional Peneda-Geres. Ademais, abarca unha superficie de 20920 hectáreas atravesadas polo conca fluvial do río Limia, que dá lugar a complicada orografía da zona e define as dúas sub-

comarcas da Alta e a Baixa Limia. Precisamente, son dúas as zonas cunha protección máis exhaustiva. En primeiro lugar, aquela cualificada como Zona de Reserva Integral, que comprende paraxes do Barranco de Orelas, os cumios e plataformas superiores da Serra do Xurés, o Barranco da Cruz de

Touro e a zona da contorna da Barxa no val do Salas. Doutra banda, os espazos declarados como Zona de Protección Especial, como as beiras do río Salgas -que permanecen inalteradas-, a serra de santa Eufemia e do Quinxo e as vertentes intermedias da Serra do Xurés e Leboré.